

O tabaco na lactación

25 de Febreiro de 2020

Tempo estimado de lectura: 1 min 30 sg

Durante a lactación, a nicotina pasa ao leite materno e dálle mal sabor, polo que o neno o pode rexeitar.

Tamén pode producir unha maior irritabilidade, vómitos, diarreas, hiperexcitabilidade, alteracións do sono e cólicos intestinais, o que fai que o bebé chore máis e presente máis dificultades para ganhar peso.

Fumar acurta o período de lactación e a produción do leite é máis escasa.



O mellor que podes facer por ti e polo teu bebé é non fumar.

Reducir o número de cigarros durante a lactación non é suficiente. Non existe un nivel de consumo seguro, nin de exposición pasiva.

Decídete e acude ao teu centro de saúde, coñece os beneficios que conseguirás ao deixar de fumar para ti e os teus.

Os profesionais sanitarios, axudarache e porán a túa disposición a información sobre as alternativas dispoñibles para facilitarche o proceso de abandono.

Nunca é tarde para tomar a decisión, agora pode ser o momento!!!